



ASUNTO: bases para a convocatoria dos premios Ben Veñas, Maio 2021: III Certame de Videoclips Musicais, V Certame de Curtametraxes, XX Certame de Fotografía, XXVIII Certame de Banda Deseñada, XXVIII Certame de Narración Curta e XX Certame de Poesía, para impulsar o uso da lingua galega na mocidade

Nº EXPEDIENTE: 2021/SUBCC/000005

CADRO DE CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS

A.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Fomentar unha maior utilización do idioma galego por parte da mocidade pontevedresa incentivando a creatividade, a participación e a comunicación en galego, así como a reflexión sobre o uso e a situación social da nosa lingua.

B.- PERSOAS BENEFICIARIAS

Mozas e mozos estudantes nos centros públicos de ensino secundario obrigatorio, ciclos formativos e bacharelato do concello de Pontevedra.

C.- ACTIVIDADE OBXECTO DOS PREMIOS E PERÍODO DE REALIZACIÓN

Esta convocatoria de premios para incentivar o uso da lingua galega na mocidade ecádrase dentro do programa de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra. Con este fin, convócanse os premios Ben Veñas Maio 2021 en réxime de concorrencia competitiva: III Certame de Videoclips Musicais, V Certame de Curtametraxes, XX Certame de Fotografía, XXVIII Certame de Banda Deseñada, XXVIII Certame de Narración Curta e XX Certame de Poesía, para promover o uso da lingua galega na mocidade a través da creatividade e da reflexión sobre a situación social da lingua.

Os traballos presentados a cada concurso entregaranse ata o día 23 de abril de 2021.

D.- ORZAMENTO E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Para a concesión destes premios que se convocan, destinarase un importe máximo de 2.900,00 euros, imputados á partida de Normalización Lingüística do orzamento de gastos de 2021. 00

E.- DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA QUE SE ACHEGA PARA PRESENTARSE AOS PREMIOS DO CONCURSO

1 Cada participante poderá presentar cantas obras queira, se ben en cada categoría non se concederá máis dun premio á mesma persoa.

2 O alumnado participante non fará figurar o seu nome nas obras, agás nos certames de videoclips e curtametraxes. O traballo proposto entregarase nun arquivo nomeado co pseudónimo do autor ou autora e no mesmo correo electrónico xuntarse, noutro arquivo distinto, os datos persoais que corresponden ao devandito pseudónimo: nome, idade, enderezo, teléfono, curso, instituto no que estuda e categoría na que participa. O alumnado que resulte premiado deberá achegar copia do DNI e certificación do número da conta bancaria na que estea autorizado.

3 Os traballos deberán ser enviados por correo electrónico ao enderezo bvm@pontevedra.gal.

4 III Certame de Videoclips Musicais Ben Veñas, Maio

4.1 Os videoclips, a música e os textos serán orixinais e en galego. As letras musicadas poderán ser de autoría propia ou de poesía galega.

4.2 As/Os participantes compartirán os arquivos ou ligazóns dos videoclips por correo electrónico no enderezo bvm@pontevedra.gal

4.3 A duración do vídeo non poderá sobrepasar os 5 minutos.

4.4 Utilizárase formato horizontal en .MP4, .M4V, .MPG, .WMV, .FLV, .AVI ou .MOV.

4.5 A calidade mínima requirida é HD 720 p.

4.6 Os dereitos de autoría, licenzas de uso e participantes deberán aparecer nos títulos finais de crédito.

4.7 Ao remate dos títulos de crédito deberán incluírse os logos do Concello de Pontevedra e do Ben Veñas, Maio, que poderán descargarse no sitio web pontevedra.gal.

5 III Certame de Curtametraxes Ben Veñas, Maio

5.1 As curtametraxes serán orixinais, inéditas e de temática libre. O idioma empregado será a lingua galega.

5.2 As/Os participantes compartirán os arquivos co enderezo electrónico bvm@pontevedra.gal



- 5.3 A duración do vídeo non poderá sobrepasar os 5 minutos.
- 5.4 Presentarase en formato horizontal en .MP4, .M4V, .MPG, .WMV, .FLV, .AVI ou .MOV.
- 5.5 A calidade mínima requirida é HD 720 p.
- 5.6 Os dereitos de autoría, licenzas de uso e participantes deberán aparecer nos títulos finais de crédito.
- 5.7 Ao remate dos títulos de crédito deberán incluírse os logos do Concello de Pontevedra e do Ben Veñas, Maio, que poderán descargarse no sitio web pontevedra.gal.

6 XX Certame de Fotografía Ben Veñas, Maio

- 6.1 As fotografías deberán recoller algunha imaxe que represente o uso anómalo ou curioso da lingua galega en rótulos, pancartas, faixas publicitarias, pintadas, indicadores...
- 6.2 Cada fotografía achegarase cun comentario en galego que xustifique o interese da imaxe obtida, así como o lugar e a data de obtención.
- 6.3 A técnica fotográfica e o tamaño serán libres.

7 XXVIII Certame de Banda Deseñada Ben Veñas, Maio

- 7.1 As obras serán orixinais e inéditas.
- 7.2 No tema deberá reflexionarse sobre o uso e valoración das linguas e os textos serán en lingua galega.
- 7.3 Poderá utilizarse calquera técnica. O formato será DIN-A4 ou ampliación ou redución proporcional. A extensión será de dúas páxinas como mínimo e de seis como máximo.
- 7.4 Establécense dúas categorías: Categoría A: ata 14 anos inclusive. Categoría B: a partir de 15 anos.

8 XXVIII Certame de Narración Curta Ben Veñas, Maio

- 8.1 O tema das narracións será libre.
- 8.2 As obras deberán estar escritas en lingua galega e ser absolutamente orixinais e inéditas; terán unha extensión mínima de dous folios e máxima de seis, mecanografados a dobre espazo, por unha soa cara e con letra Times New Roman do tamaño 12.
- 8.3 Establécense dúas categorías: Categoría A: ata 14 anos inclusive. Categoría B: a partir de 15 anos.

9 XXVIII Certame de Poesía Veñas, Maio

- 9.1 Os poemas serán de tema libre e terán unha extensión máxima de trinta versos.
- 9.2 As obras serán orixinais e inéditas, escritas en lingua galega e mecanografadas a dobre espazo, por unha soa cara e con letra Times New Roman do tamaño 12.
- 9.3 Establécense dúas categorías: Categoría A: ata 14 anos inclusive. Categoría B: a partir de 15 anos.

F.- XUSTIFICACIÓN DOS PREMIOS

1 A xustificación terá a forma de conta xustificativa simplificada (artigo 75 do RD 887/2006 e base 43 das de execución do orzamento xeral para o ano 2021).

2 De acordo co artigo 13 da Ordenanza xeral reguladora de subvencións do Concello de Pontevedra, unha vez avaliados os traballos presentados, o órgano colexiado previsto nas bases da convocatoria, denominado Comisión Organizadora, emitirá un informe no que concrete os premios outorgados en cada categoría, identificando a persoa gañadora de cada premio, o DNI e a certificación do número da conta bancaria na que estea autorizado.

3 O órgano instrutor, baseándose na acta do xurado, formulará a proposta de pagamento que se remitirá á Intervención Xeral para a súa fiscalización e posterior aprobación polo Alcalde.

G.- ÓRGANO INSTRUTOR

A instrución do procedemento de concesión dos premios correspóndelle ao Servizo de Normalización Lingüística do Concello.

H.- XURADO CUALIFICADOR

O xurado que cualificará os traballos será designado entre o profesorado dos equipos de normalización lingüística dos centros participantes, nas bases designados como comisión organizadora, coa asistencia de profesionais expertos nalgunha área, se for necesario. O xurado aplicará criterios didácticos consonte a súa experiencia de profesionais especializados nas capacidades creativas dos mozos e das mozas e atendendo aos obxectivos de normalización da lingua galega que xeran esta convocatoria.

I.- CRITERIOS OBXECTIVOS DE OUTORGAMENTO DOS PREMIOS





Os premios outorgaranse seguindo os criterios obxectivos establecidos polo órgano xestor nas bases reguladoras dos premios, tendo en conta en xeral o nivel de calidade artística na forma e no contido consonte a idade e o nivel de estudos do alumnado participante; a orixinalidade das obras; o uso da lingua galega; a riqueza expresiva e a calidade e corrección da lingua empregada. Tamén se terán en conta outros criterios específicos para cada certame, determinados consonte as características propias da forma de expresión artística de cada disciplina. Para os videoclips musicais: a calidade da imaxe e da música; a escolla, calidade e pertinencia das letras. Para as curtametraxes: a orixinalidade e a calidade da imaxe ao servizo da temática escollida. Para a fotografía: a calidade da imaxe, a súa pertinencia consonte o texto explicativo que acompaña; a súa representatividade dun uso anómalo ou curioso da lingua galega nun lugar público. Para a banda deseñada: a calidade da reflexión sobre o uso e a valoración das linguas. Para a narración curta e a poesía: a adecuación da expresión ao tema escollido, a corrección e a capacidade de comunicación; a orixinalidade dos textos.

BEN VEÑAS MAIO 2021

BASES XERAIS

1. Poderá participar o alumnado matriculado nos institutos públicos do concello de Pontevedra.
 2. Cada participante poderá presentar cantas obras queira, se ben en cada categoría non se concederá máis dun premio á mesma persoa.
 3. O alumnado participante non fará figurar o seu nome nas obras, agás nos certames de videoclips e curtametraxes. O traballo proposto entregarase nun arquivo nomeado co pseudónimo do autor ou autora e no mesmo correo electrónico xuntarase, noutro arquivo distinto, os datos persoais que corresponden ao devandito pseudónimo: nome, idade, enderezo, teléfono, curso, instituto no que estuda e categoría na que participa.
- O alumnado que resulte premiado deberá achegar copia do DNI e certificación do número da conta bancaria na que estea autorizado.
4. O xurado que cualificará os traballos será designado pola Comisión Organizadora e só a el corresponde a interpretación das bases. O seu veredicto será inapelable.
 5. Todas as obras presentadas poderán ser reproducidas, expostas ou editadas.
 6. Os traballos deberán ser enviados por correo electrónico ao enderezo bvm@pontevedra.gal.
 7. O prazo de admisión de traballos remata o venres 23 de abril de 2021.
 8. O anuncio do veredicto do xurado e a entrega de premios anunciarase con posterioridade á antedita data, en función da evolución da situación sanitaria.
 9. Ademais dos premios establecidos, o xurado poderá outorgar cantos accésits considere oportunos. Os accésits consistirán nun lote de libros.
 10. Se nalgunha categoría as obras non acadasen o nivel mínimo esixible, o xurado poderá declarar deserto un ou todos os premios contemplados nestas bases. As dotacións económicas dos premios desertos poderán ser empregadas para premiar obras de calquera outra categoría.
 11. Ao abeiro do artigo 88.1 do real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións, os premios económicos concedidos quedarán debidamente xustificadas coa presentación da acta da reunión do xurado na que se acorde outorgar os premios Ben Veñas, Maio que regulan estas bases.

12 Forma de pagamento. O decreto do Alcalde no que se outorguen os premios ás persoas gañadoras disporá tamén o pagamento daqueles na contía que corresponda. A Tesouraría municipal realizará o



pagamento dos premios na conta bancaria determinada polas persoas gañadoras, consonte co procedemento determinado na normativa de aplicación.

13 De acordo co disposto no artigo 11 da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno do Concello o 17/09/2004 (BOP núm. 190 do 30/09/04), corresponde ao Alcalde a aprobación da convocatoria, a aprobación das bases e a resolución do procedemento cando a contía da convocatoria non exceda de 12.020,24 euros. Ao outorgamento dos premios daráselle publicidade segundo o establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

BASES ESPECÍFICAS

III CERTAME DE VIDEOCLIPS MUSICAIS BEN VEÑAS, MAIO

Os videoclips, a música e os textos serán orixinais e en galego. As letras musicadas poderán ser de autoría propia ou de poesía galega.

Os participantes compartirán os arquivos ou ligazóns dos videoclips por correo electrónico no enderezo bvm@pontevedra.gal

BASES ESPECÍFICAS:

- A duración do vídeo non poderá sobrepasar os 5 minutos.
- Formato horizontal en .MP4, .M4V, .MPG, .WMV, .FLV, .AVI ou .MOV.
- Calidade mínima requirida HD 720 p.
- Os dereitos de autoría, licenzas de uso e participantes deberán aparecer nos títulos finais de crédito.
- Ao remate dos títulos de crédito deberán incluírse os logos do Concello de Pontevedra e do Ben Veñas, Maio, que poderán descargarse no sitio web pontevedra.gal.

V CERTAME DE CURTAMETRAXES BEN VEÑAS, MAIO

As curtametraxes serán orixinais e inéditas e de temática libre. O idioma empregado será a lingua galega. Os participantes compartirán os arquivos co enderezo electrónico bvm@pontevedra.gal

BASES ESPECÍFICAS:

- A duración do vídeo non poderá sobrepasar os 5 minutos.
- Formato horizontal en .MP4, .M4V, .MPG, .WMV, .FLV, .AVI ou .MOV.
- Calidade mínima requirida HD 720 p.
- Os dereitos de autoría, licenzas de uso e participantes deberán aparecer nos títulos finais de crédito.
- Ao remate dos títulos de crédito deberán incluírse os logos do Concello de Pontevedra e do Ben Veñas, Maio, que poderán descargarse no sitio web pontevedra.gal.

XX CERTAME DE FOTOGRAFÍA BEN VEÑAS, MAIO

As fotografías deberán recoller algunha imaxe que represente o uso anómalo ou curioso da lingua galega en rótulos, pancartas, faixas publicitarias, pintadas, indicadores...

Cada fotografía achegarase cun comentario en galego que xustifique o interese da imaxe obtida, así como o lugar e a data de obtención.

A técnica fotográfica e o tamaño serán libres.

Os participantes enviarán os traballos en formato PDF por correo electrónico ao enderezo bvm@pontevedra.gal

XXVIII CERTAME DE BANDA DESEÑADA BEN VEÑAS, MAIO

As obras serán orixinais e inéditas. No tema deberá reflexionarse sobre o uso e valoración das linguas e os textos serán en lingua galega.

Poderá utilizarse calquera técnica. O formato será DIN-A4 ou ampliación ou redución proporcional.

A extensión será de dúas páxinas como mínimo e de seis como máximo.





Os participantes enviarán os traballos en formato PDF por correo electrónico ao enderezo bvm@pontevedra.gal

Establécense dúas categorías:

- Categoría A: ata 14 anos inclusive.
- Categoría B: a partir de 15 anos.

XXVIII CERTAME DE NARRACIÓN CURTA BEN VEÑAS, MAIO

O tema das narracións será libre. As obras deberán estar escritas en lingua galega e ser absolutamente orixinais e inéditas; terán unha extensión mínima de dous folios e máxima de seis, mecanografados a dobre espazo, por unha soa cara e con letra Times New Roman do tamaño 12.

Os participantes enviarán os traballos en formato PDF por correo electrónico ao enderezo bvm@pontevedra.gal

Establécense dúas categorías:

- Categoría A: ata 14 anos inclusive.
- Categoría B: a partir de 15 anos.

XX CERTAME DE POESÍA BEN VEÑAS, MAIO

Os poemas serán de tema libre e terán unha extensión máxima de trinta versos.

As obras serán orixinais e inéditas, escritas en lingua galega e mecanografadas a dobre espazo, por unha soa cara e con letra Times New Roman do tamaño 12.

Os participantes enviarán os traballos en formato PDF por correo electrónico ao enderezo bvm@pontevedra.gal

Establécense dúas categorías:

- Categoría A: ata 14 anos inclusive.
- Categoría B: a partir de 15 anos.

Premios para os certames de curtametraxes, fotografía, banda deseñada, narración curta e poesía

- Primeiro premio: 150 €, lote de libros e diploma
- Segundo premio: 100 €, lote de libros e diploma

Premios para o certame de videoclips musicais

- Primeiro premio: 450 € e diploma
- Segundo premio: 300 € e diploma
- Terceiro premio: 150 € e diploma

